

# O FANZINE DAS XORNADAS

REVISTA DAS 18 XORNADAS DE  
**BD** DE OURENSE



# Sumario

- Capas:** David Rubín
- Páxina 3:** *Crise de identidade motorizada*, por David Rubín  
David Rubín: davidrubin@mixmail.com
- Páxina 13:** Editorial
- Páxina 14:** Artigo: *As Xornadas de 2006*
- Páxina 16:** Artigo: *Lab-Ou*
- Páxina 18:** BD: *A tertulia*, por Sergio Covelo  
Sergio Covelo: kovelowsky@lycos.es
- Páxina 19:** Artigo: *Miguel Porto*, por Melo  
Melo: banda@mundo-r.com
- Páxina 20:** BD: *A noite do cazador*, por Miguel Porto  
Miguel Porto: miguel.porto@gmail.com
- Páxina 22:** *Entrevista a Manel Fontdevila e Albert Montey*, por Óscar Iglesias
- Páxina 25:** BD: *15 segundos*, por Antonio Seijas  
Antonio Seijas: antonioseijas@gmail.com
- Páxina 28:** Artigo: *Polaqia*, por Óscar Iglesias
- Páxina 31:** BD: *¿Que pasa con Max?*, por Cosme  
Cosme: cosmede@yahoo.es
- Páxina 35:** Artigo: *Premio Ourense de BD – Librería Paz*
- Páxina 36:** BD: *Misterios sen resolver*, por Manel Cráneo  
Manel Cráneo: manelcraneo@yahoo.es
- Páxina 38:** Artigo: *O cartel das Xornadas – Alberto Vázquez*

Este número d' *O Fanzine* non tería sido posíbel sen a colaboración desinteresada de: Sergio Covelo • Manel Cráneo • Cosme • Manel Fontdevila • Melo • Albert Montey • Miguel Porto • David Rubín • Antonio Seijas.

Todos os cómics, ilustracións e textos publicados nesta revista son propiedade, e *copyright* se corresponde, dos seus respectivos autores/as ou editores/as, e reproducense co seu permiso ou como simple referencia do texto. Para posteriores reproducións, contáctese directamente con cada un deles.

© David Rubín

## AS CAPAS DAVID RUBÍN

**David Rubín**  
(Ourense, 1977)  
é un vello coñecido das **Xornadas de Ourense** e deste **Fanzine**. Vinculado profesionalmente ao mundo da



animación, nestes últimos tempos recibiu moitas de premios que recoñecen a innegábel calidade do seu traballo, tanto no ámbito galego (no **Certame de Imaxe Artística**, no concurso **Na Vanguarda** e como gañador da 1.ª edición dos **Premios Castelao** coa novela gráfica **Onde ninguén pode chegar**, publicada recentemente por Edicións Lea) como estatal (cun dos galardóns principais no último certame de BD do **Injuve**). A antoloxía **El circo del desaliento**, editada por Astiberri, é un completo repaso pola súa carreira en banda deseñada que lle valeu unha *nominación* no Saló de Barcelona e o premio como autor revelación de 2005 polo prestixioso *weblog* **La Cárcel de Papel**. En Polaqia acaba de ver a luz **Corazón de tormentas**, un cómic experimental feito nun só día durante o reto «**BD 24 x 24**» das pasadas **Xornadas**. Mais o prolífico **Rubín** non para: as súas historias curtas aparecen regularmente nas revistas **Barsowia**, **BD Banda** e **Humo**, e para cando leades esta presentación seguro que terá espallado a súa arte por dúcias de recunchos máis (afortunadamente para nós).

*Crise de identidade motorizada*  
Guión e debuxos: David Rubín  
© 2006 David Rubín

### O Fanzine das Xornadas, nº 13.

Publicación oficial das **XVIII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense**. Outubro de 2006.

Coordnación: Óscar Iglesias, Henrique Torreiro.

Edita: Colectivo Phanzynex, Rúa Manuel Murguía 15-5ºD, E-32005 Ourense (Galicia, Spain)

Fax (+34) 988 249930 • Correo electrónico: casa@casaxou.com • web: www.casaxou.com/bd, www.labou.blogspot.com

Deseño: Xosé Lois Vázquez & N. C., SC • Fotomecánica e impresión: RODI Artes Gráficas, Ourense.

Depósito legal: OUR-183/97

Co patrocinio de: Casa da Xuventude de Ourense • Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade  
Concellaría de Cultura, Festas e Festival de Cine do Concello de Ourense



COLECTIVO  
PHANZYNE  
X  
OURENSE



# イストイカガイキ!!!

(CRISE DE IDENTIDADE MOTORIZADA)

UN DRAMA DE

DAVID RUBIN























DAVID RUBIN-- 10

# EDITORIAL

Até resulta tópico xa falar do bo momento que vive a banda deseñada galega. Sexamos tópicos, pois. Quen nolo diría hai ben poucos anos, cando neste editorial non tiña sequera lóxica que se fixese un balance do estado da cuestión, porque o que había eran só pequenas iniciativas illadas, e iso era o que se reflectía; moitas veces servía para lamentarnos sobre «o que puido ser e non foi». Hoxe —toquemos madeira para que todo siga indo— as cousas pintan doutra maneira. Os medios de comunicación vanse facendo eco do traballo dos nosos autores, e, mal que ben, os seus nomes —individuais ou polo menos colectivos— comezan a soar e mesmo hai público que se decide a comprar os seus traballos.

Non hai que dicir que, como se insistiu sempre desde as **Xornadas**, este avance vai tamén ligado ao que a banda deseñada en xeral tivo na nosa sociedade nos últimos anos —estaba claro que, se a xente non lía cómics, dificilmente ía ler cómics autóctonos—, mais parece evidente que tamén hai que falar de talento dentro das filas galegas. Aínda que resulte un argumento un tanto provinciano, o feito de as editoras foráneas (do resto do estado e do estranxeiro) estaren a petar nas portas dos nosos creadores e a publicarles xa con asiduidade é un dato que non pode ser desdeñado. Casos como os de **David Rubín** (a punto de publicar en Portugal, Francia e Italia), os álbums colectivos ligados a Polaquia (**Capital**, en Edicions de Ponent, e **Barsowia en llamas**, en Dolmen Editorial), **Psiconautas** de **Alberto Vázquez** en Astiberri ou **Dámsmitt** de **Kike Benlloch** e **Manel Cráneo** en Dibbuxs, as colaboracións para o mercado internacional de debuxantes como **Tirso Cons**, **Javi Montes** ou **Fran Bueno**, e a continuidade de nomes procedentes das nosas terras en revistas como **Mister K** ou **Humo...** falan por si sos.

Quizá o seguinte sexa —se queremos gozar dunha saúde cultural aceptábel— a existencia normalizada de crítica e estudo de BD nos *mass media*; análises que poidan provocar a reflexión sobre as obras, fornecer un *feedback* para o autor e unha perspectiva talvez distinta para o lector; tal é ou debe ser a función da crítica: promoción entre o público e acicate creativo para debuxantes e guionistas. Mais deixemos antes que se consiga unha normalización, que comencen a asentarse todas as propostas que hai sobre a mesa; que, aínda que ninguén pode garantir o futuro en nada nesta vida, poidamos sentir que a situación actual non é un espelismo nin algo pasaxeiro. Por iso ten tanta importancia que

unha editorial, Faktoría K, estea levando a cabo un proxecto como o da **Colección BD Banda**, afianzada xa cos seus seis primeiros volumes (**Kiko da Silva**, **Andrés Meixide**, **Pinto & Chinto**, **Javier Olivares**, **Miguel Robledo** e **Josep Maria Beroy**); tanto polo feito en si, como polo exemplo que supón para outras editoras no país. Se a isto engadimos que parece haber moitas posibilidades de que medre o apoio institucional á BD, cunha serie de medidas que poderían abranguer moitos ámbitos sociais, podemos concluír que esa desexábel normalización de que falamos está máis próxima do que estivo nunca.



Estas **Xornadas** preséntanse nunha versión máis reducida, no que se refire a actividades, con respecto a outros anos; entendemos que se trata dunha «crise de crecemento»: ás veces, só reprezándose pode volver darse un paso cara adiante, de importancia significativa, e esperamos estar cerca dese paso. De momento, moitos esforzos organizativos foron dedicados a unha iniciativa que cremos que pode dar froitos moi interesantes

mesmo a curto prazo, o **Lab·Ou** ou Laboratorio Galego de BD Experimental, que, lonxe de incentivar a vangarda pola vangarda como pode dar a entender o título, busca promover unha aínda maior inquietude creativa nos autores galegos —un artigo neste mesmo número explica con maior detemento os principios e fundamentos do **Lab·Ou**—. En todo caso, este *laboratorio* representa a extensión do programa das **Xornadas** a todo o ano, e non só circunscribilo a unhas semanas de outubro.

Pola contra, temos un número d'**O Fanzine das Xornadas** excepcionalmente amplo, grazas ás contribucións xenerosas en forma de banda deseñada de moitos dos citados máis arriba. A metade da revista constitúena, pois, cómics do máis escollido da produción galaica: asinan **David Rubín**, **Sergio Covelo**, **Miguel Porto**, **Antonio Seijas** —flamante novo gañador do Premio Castelao de BD—, **Cosme** e **Manel Cráneo**. Outra mostra máis da riqueza de estilos e sensibilidades da Arte Nona con *garantía de orixe*.

# AS XORNADAS

As décimo oitavas Xornadas de Banda Deseñada de Ourense traen á cidade, nesta ocasión, oito exposicións e diversas actividades, para dar a coñecer estilos diferentes de achegarse ao mundo do cómic: desde o popular até o experimental.


O cartel deste ano está asinado por **Alberto Vázquez**, que tamén é obxecto dunha exposición monográfica. Nas últimas páxinas desta mesma revista repasamos a traxectoria deste nome en alza, a través de extractos de diversos artigos e entrevistas aparecidos en distintos medios.

Entre as outras exposicións que compoñen o programa deste ano está a dedicada ao tándem formado por **Fontdevila e Monteys**, autores do semanario *El Jueves*, en que desenvolven xuntos a serie «¡Para ti, que eres joven!», e por separado as tituladas «La Parejita, SA» e «Tato», respectivamente. **Monteys** é xa a segunda vez que visita Ourense, pois na edición número trece das **Xornadas** fixérase unha retrospectiva sobre o mítico fanzine *Mondo Lirondo*, daquelas a punto de reeditarse nun tomo a cargo de Glénat.

monografías e da revista *Barsowia*, reúne boa parte dos seus nomes fundamentais: **Kike Benlloch, Bernal, Diego Blanco, Hugo Covelo, Sergio Covelo, José Domingo, María Lado, Álvaro López, Pablo Pérez, Emma Ríos, Brais Rodríguez, Roque Romero e David Rubín.**

Faise un experimento nesta edición, consistente en propor a un autor unha micro-exposición, co título xenérico de «**Delicatessen**», aproveitando un curioso espazo na Biblioteca do Campus. Nesta ocasión, **Miguel Porto** é encargado de seleccionar só dez das súas pranchas e comentalas, amosando parte da súa obra máis recente.

Outra exposición colectánea é a que acolle os traballos gañadores e os seleccionados no **Certame Galego de**



*Viñeta de Félix Díaz, nunha das BD seleccionadas para a exposición do Certame de Cómic Injuve 2005.*

A mostra do **Certamen Injuve de Cómic e Ilustración 2005** inclúe as obras dos premiados na modalidade de cómic (**Alfonso Alonso, José Luis López Rubiño e Alejandro Romero Reche, Ana Bellido, Félix Díaz, J. M. Ken Niimura, Jorge Parras, Miguel Porto e Nicolay Troshchinskiy**) e na de ilustración (**Montserrat Batet, Martín López Lam, Marta Antelo, Carlos Arrojo, Sílvia Bautista, María Betrán, Diego Blanco, June Crespo, Mar Hernández, Kira Oriola e El Profesional del Hambre**), con presenza galega entre os galardoados (**Miguel Porto e Diego Blanco**), como vén ocorrendo nos últimos anos.

Unha mostra con creadores do colectivo galego **Polaqia**, que celebra os seus cinco anos de actividade a través de diversas

**Creadores Novos «GZcrea 2006»**, o novo concurso convocado pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, na súa modalidade de Banda Deseñada. O certame, dotado con 5.500 euros en premios, é o máis importante na comunidade, xunto co **Premio Castelao de BD**, convocado pola Deputación da Coruña. Tamén se contará nestas **Xornadas** coa exposición das pranchas da obra gañadora (neste caso un álbum completo) nesta segunda convocatoria; o galardado é **Antonio Seijas**, que quedara como finalista o ano pasado. Nomes de altura conformaron o xurado, como na anterior ocasión: o escritor e director teatral **Manuel Lourenzo**, e os autores **Jorge Zentner, Rubén Pellejero e Rubín**, gañador da primeira edición.

# DE 2006

Toda a información sobre as actividades e exposicións das Xornadas encóntrase no programa de man, gratuito.

E toda unha sorpresa é o avance da nova serie de **José Carlos Fernandes, *Black Box Stories***, en que o prestixioso debuxante e escritor de BD, vello amigo das **Xornadas**, escribe o guión para os traballos gráficos de **Luis Henriques, Roberto Gomes, Manu, Susa Monteiro, Ken Nii-mura, Miguel Rocha e Vítor Hugo**. A exposición dunha selección de páxinas desta serie, que aparecerá a finais do mes de outubro en castelán e portugués da man da editora Devir, é o contributo portugués a esta décimo oitava festa galega do cómic.

Presentacións, algún experimento da man do noso **Lab-Ou** —Laboratorio de BD Experimental, véxase artigo neste mesmo número d'**O Fanzine**—, o noso pequeno posto de venda coas últimas novidades da BD autóctona e internacional e todo o relacionado coas exposicións, e os actos de entrega dos premios serán o que compoña o programa desta edición.

*Secuencia de Luis Henriques para unha das 'Black Box Stories' escritas por José Carlos Fernandes.*





# Lab Ou: Laboratorio Galego de BD Experimental

O Lab-Ou é unha experiencia pioneira no ámbito peninsular, cuxo obxectivo é ofrecerlles aos autores galegos un lugar de referencia a que acudir para experimentar coa potencialidade da BD como medio. O Lab-Ou pretende ser un obradoiro aberto e de participación voluntaria e continuada ao longo de todo o ano, en que se desenvolverían diversas actividades individuais e colectivas con espírito lúdico ao tempo que investigador.

O **Lab-Ou** tentará converterse nun foro de debate e creación gráfica onde os participantes poidan aprender a perfeccionar as súas técnicas narrativas a través dun programa con diferentes exercicios de estilo.

Este proxecto naceu pola intención das **Xornadas de Banda Deseñada de Ourense** de seguir apoiando os debuxantes galegos e de ofrecerlles actividades e experiencias que saquen todo o potencial que levan dentro, unha iniciativa cada vez máis difícil de superar debido á gran preparación e aos méritos da nova xeración de creadores. Con esta vontade renovadora e servizal, nas **Xornadas** de 2005 atrevémonos a levar adiante o reto «**BD 24 x 24**», unha adaptación do exercicio de **Scott McCloud** en que os participantes debían crear unha BD orixinal de 24 páxinas en 24 horas. Pensamos que foi unha experiencia moi positiva tendo en conta o complicado que era o desafío: contamos con seis participantes e do proxecto saíu un cómic rematado, **Corazón de tormentas**, de **David Rubín**, unha obra recentemente publicada por Polaquia que posúe tal calidade que ninguén diría que foi xestada en circunstancias tan adversas. Animados polos

resultados, decidimos non só non deternos senón ir máis aló, e creamos así o **Lab-Ou** para poder continuar coa experimentación en banda deseñada de maneira permanente.

## Antecedentes do Lab-Ou

Unha das influencias máis destacadas do **Lab-Ou** é o **OuBaPo** (acrónimo de **Ouvroir de Bande-Dessinée Potentielle**). Este colectivo, creado en 1992 no seo da editorial francesa L'Association e formado entre outros por **Thierry Groensteen**, **Lewis Trondheim**, **Jean-Christophe Menu**, **Killoffer**, **François Ayrolles**, **Étienne Lécroart** e **Jochen Gerner**, experimenta coa BD buscando formas e estruturas novas por medio de diversos exercicios de estilo. As investigacións doutros estudosos da BD como **Scott McCloud** ou **Matt Madden** tamén foron unha profunda inspiración para o **Lab-Ou**.

O **Lab-Ou** presentouse en sociedade na pasada edición do **Viñetas desde o Atlántico** por medio da realización dun exercicio colectivo durante o festival, un *cadáver exquisito* (na mellor tradición surrealista) en que cada participante tiña que debuxar unha viñeta que continuase a cegas unha BD en cadea da cal só podía ver o cadrño inmediatamente anterior. Este experimento foi un éxito rotundo en que colaboraron máis de trinta autores: a plana maior da BD galega acompañada por diversos creadores españois e internacionais presentes no festival, como **Frederik Peeters**, **Jessica Abel**, **Enrique Ventura**, **Bruce Timm** ou o mencionado **Matt Madden**.

## Funcionamento

Sen dúbida, a principal aposta do **Lab-Ou** é a utilización de internet como ferramenta de comunicación entre os participantes e de difusión dos resultados deste obradoiro. Os interesados en entrar nel só deben enviar unha petición cos seus datos por correo electrónico, acompañada dun exercicio de ingreso realizado por eles mesmos de acordo con algún dos modelos propostos polo **Grimorio do Lab-Ou**, un libro que contén unha proposta de sesenta posibles exercicios de estilo.

Cada mes a coordinación do laboratorio está a propor unha serie de exercicios comúns optativos que os membros poden escoller realizar, ou se o prefiren poden traballar por libre facendo os que lles apetezan ao seu propio ritmo. Cada un deles está valorado cunha puntuación que se vai sumando na ficha de cada membro de forma que avanza no camiño da consecución de diversos graos, desde aprendiz e iniciado até chegar a mestre, como se dunha loxa masónica se tratase, aínda que neste caso cun claro matiz lúdico.



Viñetas clave para a realización do exercicio 'Silent Running', de **Matt Madden**: a partir delas, reordenadas e mesmo repetidas, e só mediante o engadido de globos, debe construírse unha BD que teña sentido como historia. © **Matt Madden**



Os traballos experimentais feitos no laboratorio van sendo expostos en internet a través do *weblog* do **Lab-Ou**, onde tamén se pode encontrar máis información e ligazóns a outras experiencias semellantes existentes polo mundo.

### O Lab-Ou nas Xornadas

A pesar de levar só unhas cantas semanas en activo, o **Lab-Ou** non para de medrar e de espallarse. Moitos medios de comunicación (como a prestixiosa *web* **La Cárcel de Papel**) fixéronse eco da aparición deste taller e recibírono con interese e expectación. Varios autores galegos solicitaron o seu ingreso no laboratorio, todos eles creadores inquietos cun gran coñecemento do medio (como **David Rubín**, **Miguel Porto**, os irmáns **Hugo** e **Sergio Covelo**, **Antonio Seijas**, **Roque Romero** ou **Cosme**), e a bo seguro a lista seguirá a aumentar. Día a día engádense ao *blog* novas, propostas e artigos relacionados coa BD experimental.

No seo da presente edición das **Xornadas de Ourense**, o **Lab-Ou** vai organizar un encontro de autores galegos, tanto con membros do colectivo como con creadores e convidados que acudan até aquí, e tentará organizar novamente actividades experimentais de tipo colectivo que



BD circular ou eterna ('morlaque') de Killoffer para o OuBaPo France (Les Vacances de l'OuBaPo, L'Association, 2000).  
© Killoffer/L'Association

precisen da colaboración de varios participantes, seguindo o satisfactorio exemplo do *cadáver exquisito* coruñés. Aínda non está decidido o programa de exercicios de estilo, mais procurárase que sexa orixinal, variado e divertido, e que cada autor obteña froitos e achados desta experiencia.

*Vita brevis, BD longa!*

### Ligazóns

<http://www.casaxou.com/labou/labou-xeral.pdf>  
O documento de presentación do Lab-Ou, con máis información sobre os propósitos e o funcionamento deste laboratorio.  
<http://www.casaxou.com/labou/labou-grimorio.pdf>  
O 'Grimorio' ou 'Libro de exercicios do Lab-Ou': sesenta modelos de experimentos gráficos para todos os que estean interesados en realizar BD experimental.  
[www.labou.blogspot.com](http://www.labou.blogspot.com)  
O 'weblog' do Lab-Ou, o órgano de comunicación e difusión de ideas e proxectos deste laboratorio.  
[www.labou.blogspot.com/2006/08/un-cadver-exquisito.html](http://www.labou.blogspot.com/2006/08/un-cadver-exquisito.html)  
O 'cadáver exquisito' creado por 31 artistas e coordinado polo Lab-Ou durante o Viñetas desde o Atlántico pode verse 'online' neste enderezo.

*Secuencia do 'cadáver exquisito' coordinado polo Lab-Ou, con viñetas de Víctor Rivas, Sergio Covelo, Cosme, Miguel Robledo, Miguel Porto e Alberto Vázquez.*





# MIGUEL PORTO

MELO

Melo é propietario da librería especializada Banda Deseñada, de Vigo, e membro do equipo organizativo do festival Viñetas desde o Atlántico.

Coido que dende hai un tempo xa non se pode definir a **Miguel Porto** como unha das promesas da nova vaga de autores galegos de banda deseñada. Antes ben, todo o contrario. Este autor xa é toda unha realidade.

Naceu en Vigo, cidade onde realiza os seus primeiros estudos encamiñados ao que sería a súa futura profesión dentro do bacharelato artístico. Anos máis tarde licenciárase en Belas Artes na facultade de Pontevedra.

Con motivo do I Festival de Cómico de Vigo, en 1995, resulta gañador do terceiro premio en categoría infantil. Vello coñecido da cidade de Ourense, en 2001 gaña o primeiro premio de Banda Deseñada dentro da categoría B.

Dende os seus primeiros pasos no fanzine **Alopecia Mental**, ata as súas colaboracións coa revista **BD Banda**, a revista **Golfiño** ou o colectivo **Polaqia** podemos observar

a paixón que amosa polo medio. Xa sexa como lector, crítico, guionista ou debuxante, o cómic sempre está presente nas súas actividades cotiás.

Autor modesto e perfeccionista a partes iguais, quizais sexan estas características as culpables da falta de máis referencias no seu currículo. Cando o resto dos mortais ollamos os seus traballos non podemos máis que abraíarnos cos resultados. El, pola súa banda, sempre atopará algo que non funciona, algo que se pode mellorar. Ver o seu caixón de proxectos é como asomarse a un gran castelo con miles de tesouros agochados.

Grazas a estas **Xornadas**, ides poder xulgar por vos mesmos o traballo orixinal deste debuxante, comprobando que todo o que digo é certo.



Viñeta de 'Las mil máscaras de Magic Male', seleccionada para o Certamen de Cómico Injuve 2005.

Sempre disposto á experimentación e a buscar novos xeitos de expresión, non se me ocorre ninguén que encaixe mellor co ambiente e as condicións da sala de exposicións que a Universidade pon a disposición das **Xornadas**.

Non dubido de que nun curto espazo de tempo estes mesmos orixinais estarán colgados nas salas de exposicións de todos os festivais de banda deseñada de ámbito nacional e internacional. Que non se vos escape a oportunidade de velos agora na vosca cidade. Estou seguro de que a selección que **Miguel Porto** nos ofrece merece ese pequeno anaco do voso tempo.

Secuencia dunha páxina publicada no número 5 da revista 'Barsovia'.







# Monteys & Fontdevila:

xuntos, mais non revoltos

ENTREVISTA DE ÓSCAR IGLESIAS

Manel Fontdevila (Manresa, 1965) e Albert Monteys (Barcelona, 1971): é difícil falar de un sen estar a pensar no outro. A que se debe esta rápida asociación mental entre ambos? Certo é que comparten moitos paralelismos nas súas carreiras: os dous estudaron Belas Artes e participaron en fanzines de culto desenvolvidos por colectivos míticos; aínda que son recoñecidos pola súa faceta humorística publicaron bandas deseñadas moi persoais na defunta editora Camaleón e en moitísimas revistas e fanzines (*NSLM*, *Idiota + Diminuto*), e entraron a traballar pola mesma época na revista *El Jueves*, en que mesmo debuxan unha serie en parella.



Viñetas de 'Rosenda y otros momentos pop' (Glénat, 2005), de Manel Fontdevila.

Pero asemade existen numerosas diferenzas: **Manel** provén da viñeta diaria en prensa e ten feito guións para a revista francesa *Fluide Glacial*, namentres que **Albert** ten especial experiencia no campo dos cómics e contos infantís; e nos seus traballos por separado máis recentes (a **Fontdevila** Glénat reuniulle varias das súas historias curtas nos álbums *Mantecatós* e *Rosenda y otros momentos pop*, e **Monteys** acaba de sacar o primeiro libro que compila páxinas da súa serie *Carlitos Fax* da revista *Mister K*) vese que avanzan por camiños distintos. Na exposición conxunta que lles dedican as **Xornadas de Ourense** poderase observar con máis detemento se son verdadeiramente almas xemelgas ou

se as súas coincidencias son casualidades illadas sen fundamento. Como aperitivo, ambos os dous concedéronnos esta simpática entrevista, en que queda clara a súa converxencia nalgunhas opinións e a discordancia noutras.

—Cales son as vosas principais influencias artísticas?

**ALBERT.**— Ibáñez, Jack Kirby, Floyd Gottfredson, Robert Crumb... Mais en fin, todo suma, e seguro que cando lea isto me decaterei de que esquecín alguén. Nin sequera son os autores que eu máis admiro, senón os que máis me obsesionaron nalgún momento da miña vida. Paréceme que dal-

Secuencia da serie 'Tato, con moto y sin contrato', de Albert Monteys para 'El Jueves'.



gúns pouco se me pegou, mais eu sigo intentándoo.

**MANEL.**— De cativo, na miña casa líase o **TBO**, e os libros de **Tintín...**, e os de **Goscigny** mercábanse nas grandes ocasións, como o Nadal, as gripes e demais. Cos anos fun obsesionándome con moitísimos autores; non sei, **Tardi**, os primeiros **Viboras**, **Clowes**, agora mesmo **Blutch...** Mais a verdade é que de cando en cando volvo ás orixes e vexo que xa todo estaba aí: tiven moita sorte, abofé. Tamén, penso que teño influencias fortísimas que veñen de fóra da banda deseñada: **El Superagente 86 (Get Smart)**, os discos de **Sisa**, as comedias antigas, e así...

—As vosas colaboracións para a revista **El Jueves** son os vosos traballos máis coñecidos polo grande público, e os máis lonxevos. Tras centos de páxinas das series **La parejita** ou **Tato**, é difícil encontrar novas ideas a estas alturas, ou quedan historias para longo? (seica houbo moitas novidades ultimamente, como o fillo de Emilia e Mauricio ou a nova noiva de Tato).

**ALBERT.**— Supoño que as novidades que comentas son maneiras de renovar as historias, porque o certo é que un é un profesional, e pódense facer milleiros de historias co mesmo personaxe, pero é bastante fofido facelo co entusiasmo do primeiro día. E que conste que eu con **Tato**, por exemplo, estou máis a gusto agora que cando comecei. Porén, non estou certo de querer estar facendo **Tato** dentro de vinte anos... un pouco de dignidade!

**MANEL.**— Eu hai tempo que viña coa idea de facer crecer a **La Parejita** cos anos, primeiro, porque me parece interesante, e segundo, e máis importante, porque non quero pillarme os dedos contando as aventuras dunha parella de trinta anos o día no que eu nin coñeza nin entenda o funcionamento desa xeración: sería patético, como esas teleseries de Emilio Aragón onde vías que o texto do raparigo adolescente o escribía un señor prexubilábel...

—E como levades os prazos de entrega tan axustados, unha páxina todas as semanas, chova ou faga sol?



Caricaturas dos autores de '¡Para ti, que eres joven!' por Albert Montevs.



Unha das viñetas de '¡Para ti, que eres joven!', por Fontdevila.

**ALBERT.**— As datas de entrega serían unha maldición se non pensas na cantidade de xente que fai cada día traballos que odian e, hostia, o meu non está tan mal. Ademais desenvolves unha ximnasia mental que se agradece a longo prazo.

**MANEL.**— Isto é, posiblemente, o máis intelixente que se dixó e se dirá nesta entrevista. E que non é para tanto. Eu entendo que a alguén lle sorprenda que inventemos un chiste cada día ou cada semana, pero é que, cona, eu non estiven vendendo camisas nin arranxando motores: eu non fago outra cosa en todo o día que pensar historias. E así, claro, perde bastante dificultade a cousa...

—Tamén en **El Jueves** facedes a miúdo a sección de humor coas novas de actualidade, e tendes a vosa páxina conxunta sobre cultura popular **Para ti, que eres joven**. Sodes humoristas natos ou cústavos encontrarlles a graza aos temas que vos tocan? Intuídes que chistes van funcionar, ou a reacción dos lectores sempre é una sorpresa?

**ALBERT.**— Se reparas demasiado no que din os lectores acabas por non saber nin como te chamas, porque reaccións

hainas de todas as cores. O mau é que grazas a internet os lectores berran a súa opinión en todas as partes: e-mails, foros, etc., co que é difícil non rematar por facerlles caso. Eu fago todos os chistes para que dean risa, algúns conségueno máis, outros menos, outros nada, mais é certo que ás veces hai cousas que entusiasman a moita xente e non sabes ben por que.

**MANEL.**— Polo demais, eu coído que o máis importante para que se che ocorra algo sobre un tema é ter un punto de vista, por mínimo que sexa, sobre ese tema. Se tes algo que dicir xa hai un fio do cal tirar. Semella obvio, mais cando a cousa funciona ben é por isto, creo eu. Tamén hai un oficio que se vai collendo cos anos, etcétera, pero o básico acho que é o outro. E non só no humor, eh?: en calquera tipo de historia.

—A pesar de que en realidade só traballades xuntos en *Para ti...*, acompañavos sempre o sambenito de serdes unha parella artística, como os Dupuy e Berberian españois. Aproveitade para desmentirdes este clixé se vos apetece. Que opinades do traballo en solitario do voso compañeiro?

**ALBERT.**— Pois imos ter que desmentilo, síntoo. A verdade é que somos bastante autónomos un do outro. Falamos do tema da semana, repartímonolo e moitas veces non vemos o que fixo o outro até que a revista está nos quioscos. E que vou dicir do traballo en solitario de **Manel**: que é unha marabilla, oian, que chistes tan ben narrados e como van ao gran do asunto, que historias para revistas *indies* tan graciosas (co raro que é que nesas revistas haxa historias graciosas), e, como persoa, que vos vou contar! Ben, contaríavos unha anécdota nun elevador de *El Jueves*, pero mellor esquezéde.

**MANEL.**— Eu agora non lembro ningunha anécdota vergoñenta sobre **Albert**, mais é un profesional do máximo nivel! Gústame o seu ouvido para os diálogos, a mestura tan matemática —e que é totalmente intuitiva, non hai tempo para matemáticas na entrega semanal— entre o costumismo e o absurdo; envéxolle a soltura, e a velocidade...! Polas súas historias ves flotando os *Simpson*, os *Monty Python...*, mais ao mesmo tempo son absolutamente persoais. Como persoa, pois iso, *boa onda*. O que é unha sorte porque o noso tándem foi unha, digamos, «imposición» da revista, e claro, podería ter pasado de todo...

—Ambos procededes de grupos colectivos como *La Peña* ou *Mr Brain*. Vedesvos colaborando xuntos noutros proxectos (un co outro, ou con diferentes artistas), ou sodes en realidade de facelo e comelo todo vós soños?

**ALBERT.**— O de colaborar así polas boas eu lévo mal, pero se hai confianza, ou unha química increíble, como no caso de *La Peña*, pois adiante. De feito, é cando máis me divirto facendo bandas deseñadas.

**MANEL.**— A min gústame traballar con outra xente. O que acontece é que teño o tempo que teño, a cabeza non me

dá para máis e cando ultimamente fago tentativas neste sentido, son, como nos boleros, un sufrir. Con **Albert**, evidentemente, non me molestaría nada colaborar, aínda que temo que a súa situación é bastante semellante á miña...

—Recibistes multitude de premios e nominacións en Barcelona (Manel, mellor guión por *La Parejita* e mellor obra por *Mantecatós*; e Monteys, mellor fanzine por *Mundo Lirondo*, autor revelación por *Calavera lunar* e mellor guión por *Carlitos Fax*) e noutros salóns de BD. Que actitude tendes ante eles? Credes que vos axudaron nas vosas carreiras, polo menos a difundirdes traballos máis minoritarios, ou só serven para o ego e a vaidade?

**ALBERT.**— Non nos imos enganar: que che dean premios está moi ben a mesma noite da entrega (se te avisaron e estás alí) porque é outra ocasión de facer como que estás moi contento e beber moito, pero o día seguinte vendes os mesmos cómics, coñécete a mesma xente e tes un trofeo moi pesado e, ás veces, moi feo para colocar na casa. Dito isto, acepto gustoso todos os premios que me dean...

**MANEL.**— Nada que engadir. **Albert Monteys** ser sabio rostro pálido.

—Por último, tendes algún proxecto para o futuro? Algún álbum longo? Máis historias curtas de temática un pouco máis persoal, como as de *NSLM*? Algo noutros medios fóra da banda deseñada?

**ALBERT.**— Tras todos estes anos facendo cómics, non aprendín a debuxar mellor, mais aprendín a non anunciar ningún proxecto até que me queden dúas páxinas para rematalo. Porque debuxar unha BD é moi custoso, a miña vida é moi complicada e o máis probábel é que tarde o triplado que coído que vou tardar (como mínimo). Así que son unha tumba, amigos. Se queren saber máis convidenme a cervexas, recoiro.

**MANEL.**— Eu son moi «cousa que vexo, cousa que quero» e gustaríame de facer de todo: ilustración, tiras, chistes, historias... Leo *Agujero negro (Black Hole)* e quero facer algo así... Leo os diarios de *Sfar* e quero facer algo así... Leo chistes de *Sempé*, e quero facer algo así... Comezo moitas cousas: un guión de *Santiago García*, unha novela gráfica de humor e debuxo, digamos, radical... De todo isto, se cadra algo verá a luz algún día. Non sei, toquemos madeira.



'La Parejita, SA', de Fontdevila, en 'El Jueves'.





NON ATURO QUE APROVEITES  
CANDO SAÍMOS A TOMAR UN  
CAFÉ PARA REPROCHARME  
QUE NON CHE FAGO  
SUFICIENTE CASO...

NON SEI SE XÁ O FAS  
PARA AMOLARME,  
PERO NON O ATURO.





NON ATURO QUE ME DIGAS  
QUE TENO QUE CAMBIAR...  
¿QUEN PENSAS QUE ES PARA  
DICIRMO?



NON ATURO ESA ESPECIE  
DE PREPOTENCIA  
DICÍNDOME O QUE DEBO  
FACER...





NON ATURO O XEITO QUE TIVECHES  
DE DEIXARME, DICINDO QUE  
AÍNDA ME QUERÍAS...  
NON O ATURO...



NON ATURO VIVIR  
SEN TI...

# POLAQIA:

Ó. I.

5 ANOS DANDO GUERRA

Todo indica que é un momento doce para o colectivo de autores galegos Polaquia. O festival Viñetas desde o Atlántico vén de dedicarlles unha retrospectiva que celebra os seus cinco anos de existencia (2001-2006); no último Saló de Barcelona a súa revista *Barsowia* recibiu o Premio do Público ao Mellor Fanzine de España; a editorial Dolmen acaba de editar *Barsowia en llamas*, unha escolma coas mellores páxinas da publicación antes citada traducidas ao castelán; e ás nosas librarías non deixan de chegarnos novidades 'polaqas' (pasan xa dos vinte títulos no seu catálogo).

Nas **Xornadas de Ourense**, ademais de ofrecer unha versión aumentada da exposición amosada na Coruña, quixemos falar con cinco dos autores máis representativos deste selo (os membros fundadores **Kike Benlloch** e **Bernal Prieto**; **David Rubín** e **Hugo Covelo**, dous dos seus colaboradores máis activos; e **Emma Ríos**, autora da serie de culto *A prueba de balas*) para que nos falasen do pasado, presente e futuro deste proxecto.

## AS ORIXES DE TODO

Segundo lembra **Bernal**, «a idea ocorréusenos a **Kike**, **Jano** e a min, e logo foron uníndose distintas persoas. Foi algo moi espontáneo: eramos xente que facía fanzines e que quixemos xuntarnos para crear algo máis serio». Para **Benlloch**, a escena editorial nacional daquel entón «estaba demasiado parada; era interesante probar a facer algo desde aquí, que nos permitise traballar en galego. Foi como lanzar un globo sonda para ver se era posíbel ou non».




Ese globo sonda concreouse en **Polaquia**, un nome curioso que vén dunha broma entre os fundadores. «Todo parte da frase "mariñeiros polacos", un chiste privado entre **Jano**, **Adrián López** e mais eu. Ao escribirmos a nosa serie *Nieve negra*, necesitabamos inventar o nome dunha editorial de cómics ficticia, e eu propuxen chamala **Polaquia** por seguir coa brincadeira. Cando comezamos a falar de crear unha editora real, soaba gracioso empregar ese mesmo nome», explica **Kike**.

Ao triunvirato inicial uníronse axiña **Alberto Vázquez** e **David Rubín**, que foi recrutado mesmo sen coñecérense persoalmente: «**Benlloch** viu unha historia miña que gañara o concurso de Ourense, gustoulle e contactou comigo para que lle debuxase un guión que acabou abrindo o álbum *Mmmh!!*». **Kike** engade: «Estivemos traballando durante meses por teléfono e por carta, sen vernos en persoal!».

Ao triunvirato inicial uníronse axiña **Alberto Vázquez** e **David Rubín**, que foi recrutado mesmo sen coñecérense persoalmente: «**Benlloch** viu unha historia miña que gañara o concurso de Ourense, gustoulle e contactou comigo para que lle debuxase un guión que acabou abrindo o álbum *Mmmh!!*». **Kike** engade: «Estivemos traballando durante meses por teléfono e por carta, sen vernos en persoal!».

E pouco a pouco foron chegando a dúcia e pico de artistas que compoñen hoxe en día o colectivo (entre eles, e por citar só algúns, **Diego Blanco**, **Brais Rodríguez**, **Álvaro López** ou **Sergio Covelo**), case todos atraídos polo contacto persoal con algún dos membros anteriores. **Hugo** conta que compartira piso con **Kike** en Santiago antes de que lle propuxese entrar, e seica a **Emma** a convidaron ao coñecérense durante as mobilizacións contra a traxedia do *Prestige*, o que ao comezo sorprendeuna; nas súas palabras, «o meu *rollo* era completamente diferente do que eles facían».



## MÁIS QUE AMIGOS, MENOS QUE EDITORES

Cando se lles pide que expliquen máis polo miúdo en que consiste **Polaqia**, non é doado atopar a definición precisa. A palabra 'editorial' seica lles vén grande: «Unha editora é unha empresa, e aquí non cobra ninguén; quizais co tempo podamos converternos en unha», opina **Rubín**. Pois logo? **Ríos** déixase de lerias: «**Polaqia** é un grupo de colegas que fan BD». **Covelo** propón o termo «selo editorial, en que os autores traballan como autoeditores», e **Benlloch** matiza: «Somos un colectivo que traballa en equipo, e por tanto unha suma de individualidades. **Polaqia** é unha estrutura horizontal, que funciona baixo o principio de 'unha persoa, un voto'. Cando un autor é admitido no grupo polos que xa estamos dentro porque nos gusta a súa obra, fai o que quere; financia o seu propio traballo e distribúeo como lle peta. O colectivo non exerce ningún tipo de control ou censura sobre ninguén». Chámenlles como prefiran; o que está claro é que, sobre todo, son bos amigos. «Os do núcleo de Galiza quedamos de cando en cando. O noso *stand* no **Viñetas** levámolo entre todos. Somos un grupo de xente que nos coñecemos e nos apreciamos persoalmente», resume **Bernal**.

Ao preguntarmos por un autor bandeira ou unha soa obra que defina o espírito do grupo, non se dan decidido; varios opinan que **David** e **Kike** son os que teñen maior proxección, pero finalmente case todos coinciden en que «o máis xusto sería escoller **Barsowia**, porque representa todas as sensibilidade». **Barsowia**, a súa revista periódica, é para **Benlloch** «o vehículo colectivo». «Até agora», continúa, «estiven eu coordinando todo o traballo, e teñei escoller unha selección de material que ía un pouco na nosa onda». Mais cal sería esa onda? «Facemos un material independente, tentamos non funcionar condicionados polo que a industria quere. Procuramos a orixinalidade e a calidade, e non seguir as modas do momento ou as liñas establecidas». **Hugo** finalmente confesa que todo «é máis intuitivo ca outra cousa».



Os criterios xeográficos non son excluíntes, e **Barsowia** acolleu a debuxantes de fóra de Galiza: españois, franceses, americanos... **Rubín** explícanos que cando descubren a creadores que encaixan na súa liña os convidan a participar. «Eu fun a Portugal e coñecín dous autores que me gustaron moitísimo, **Susa Monteiro** e **Paulo Monteiro**; amo-

seilles en que consistía **Barsowia** e desde entón publican connosco».

## A CONQUISTA ESPAÑOLA

O premio do público de Barcelona recibíuse con ilusión (para **Bernal**, coa *nomiación* xa era suficiente), pero ao mesmo tempo con cautela (**David** insiste en que «é importante, mais non pode subírse nos á cabeza; polo menos eu creo que moitos só nos votaron por sermos unha revista en galego e non polos contidos»). Pouco a pouco, fóra das fronteiras galegas vaíse sabendo que **Polaqia** existe, mais aínda é «moi minoritario, bastante *underground*; sobre todo tense constancia en internet», apunta **Emma. Hugo** é máis optimista: «Para o mundiño da BD, aínda que sexan catro gatos, estamos bastante ben vistos. Tivemos críticas moi boas desde [o *weblog*] **La Cárcel de Papel**». **Rubín** lembra que, polo menos, «a cousa avanza; cando mencionan publicacións de banda deseñada nacionais, entre **Nosotros Somos Los Muertos** e **Humo** meten a **Barsowia**». **Benlloch** relativiza todo un pouco: «Desde un punto de vista macroeconómico, en volume de negocio, non somos nada; pero cando un libreiro sevillano ou un de Mallorca nos fan un pedido de material escrito en galego, significa que algo se logrou».

O galego é a lingua maioritaria dos produtos 'polaqos'; estarán dispostos a sacrificala por unha maior difusión? **David** amósase taxativo: «A min éme o mesmo o idioma dos álbums, é algo secundario; o importante é a calidade, que sexan bos. Que cada

autor publique na lingua que lle dea a gana. Mais desde un principio concibimos que a revista fose en galego, e iso non vai cambiar. Non entendo por que debería cambiar».

## SEN MEDO AO FUTURO

Adivíñase un período de transición a curto prazo para **Polaqia**, con bastantes cambios e novidades. **Bernal** explica as razóns: «Antes eramos máis cativos, estabamos na universidade e non tiñamos responsabilidades, levábamolo todo de xeito moi libre. Agora temos que mirar cara ao futuro e pensar como enfocar as cousas dunha maneira máis seria». Mais de momento non hai nada decidido. «Aínda non está claro o que vai pasar, estamos falando de posibles cambios. **Polaqia** vai constituírse como unha asociación. Pode que se instaure un criterio de selección de historias para o **Barsowia**, e que se inclúan novas series de continuidade. Dubidamos se sacar material en castelán. Son cousas que están no aire; todo o mundo anda moi animado», adiantanos **Emma**. Para a súa serie **APB** tamén se achegan cambios. «Espero que remate axiña. É unha etapa que teño que pechar xa; pero quero facelo polo grande, porque me deu todo o que teño agora. Tentarei que o derradeiro número saia para o vindeiro **Viñetas**. Porén, agardo participar máis activamente co colectivo».



Viñeta de Kike Benlloch e Diego Blanco no 'Barsowia' n.º 8.


Os demais entrevistados tampouco se atreven a facer prognósticos para **Polaqia**. **Kike** rememora: «Cando comezamos en 2001, fixéronme a mesma pregunta e non souben que dicir. As cousas podían ir ben ou facernos deixalo ás dúas semanas. Vivimos ao día. Uns entrarán, outros saíran. Namentres haxa ilusión e ganas de facer as cousas ben, estaremos aí». Para **Covelo**, o único obxectivo fundamental é «seguir sacando o **Barsowia** sen que ninguén se queime, e continuar traballando e evolucionando. Temos que encontrar maneiras de sobrevivir ás famosas crises que teñen os

fanzines: as do esgotamento». Un risco que existe, porque, segundo **Benlloch**, «os autores temos que asumir funcións que en teoría non nos deberían competir, como a impresión ou o gabinete de prensa. Traballamos con limitacións porque as institucións non quixeron apoiarnos; hai moi pouca xente a que lle teñamos que agradecer algo. A nós non se nos pode pedir máis, estámolo dando todo. Temos moitas ideas na testa, pero para levalas a cabo precisaríamos diñeiro. O futuro será tanto máis prometedor cantas máis posibilidades se nos ofrezan».



Fragmento dunha BD de Hugo Covelo, no 'Barsowia' n.º 8.


Así pois, tras cinco anos de aventura podemos sentenciar que este colectivo ten un pasado aproveitado, un presente sólido e en expansión e un futuro cheo de posibilidades. Non sabemos que sorpresas nos agardan por parte dos mozos de **Polaqia**, mais estamos certos de que cumprirán a declaración de intencións con que se despide **Rubín**: «A **Polaqia** aínda lle queda moito por facer, por avanzar, por amosar, non podemos estancarnos. Temos que facelo incluso mellor que até agora. Somos un grupo de autores que gustamos de facer banda deseñada, e niso estamos, en seguir dando guerra».

Que pasa con Max?   
Guión e debuxos: Cosme  
© 2006 Cosme











# PREMIO OURENSE DE BD: LIBRARÍA PAZ.

O **Premio Ourense de Banda Deseñada**, con que cada ano a **Casa da Xuventude** e mais a **Concellaría de Cultura, Festas e Festival de Cine do Concello de Ourense** buscan distinguir unha iniciativa ou unha traxectoria dentro da banda deseñada galega, recae este ano na pontevedresa **Libraría Paz**, á fronte da cal se encontra **Cano Paz**.

A **Libraría Paz**, unha das pioneiras no país en prestar atención especializada á BD, tense distinguido por ser unha das grandes difusoras do medio, percorrendo media Galiza a través de feiras e eventos de todo tipo. Así foi como moitos afeccionados aos cómics puideron, durante moitos anos, acceder aos álbums e revistas que non chegaban ás librarías e aos quioscos en lugares como a cidade de Ourense.

Hoxe, afortunadamente, as librarías especializadas e as xeneralistas que prestan unha atención notábel aos cómics son unha realidade ao longo do país, mais non en 1990, cando **Cano Paz** decidiu dedicar á banda deseñada boa parte da libraría fundada polos seus pais (**Isidro Paz e Dolores García**) en 1968. Así, a **Libraría Paz** e outras iniciativas ao longo da xeografía galega —algunhas aínda en activo, como a **Librería Komic**, de Santiago— foron abrindo camiños para que a percepción social dos cómics fose gañando parte do espazo que lle pertence.

Non hai que esquecer que, ademais de ter levado a BD a moitos lugares, **Cano** e a **Libraría Paz** están detrás do proxecto **BD Banda** desde os seus inicios, cando a edición de BD galega estaba ben lonxe do que está comezando a ser.

Outorgar este premio a unha libraría pretende salientar a importancia capital que para a banda deseñada supón a súa difusión a través delas, e defender un sector, o dos libeiros, que é o elo de contacto directo co público e o máximo axente divulgador da Novena Arte. Do compromiso e a sensibilidade cultural dos libeiros depende boa parte do futuro dos cómics na nosa sociedade.

O **Premio Ourense de Banda Deseñada**, que chega con esta á súa décimo sexta edición, está dotado cunha estatuíña deseñada expresamente para a ocasión polo artista plástico **Manolo Figueiras**.

Até o de agora, foron galardoados co **Premio Ourense** nesta categoría Xaquín Marín, Agustín Fernández Paz, Edicións Xerais, Miguelanxo Prado, 'A Nosa Terra', o equipo de 'A Familia Perpetua' (Carvallo, Héitor e Robledo), a Deputación da Coruña, a Biblioteca Club 33 de Santiago, Fausto Isorna, o programa 'Xabarán Club', o Festival 'Viñetas desde o Atlántico', Fran Jaraba, a Deputación de Lugo, o Consello da Cultura Galega, a revista 'Golfinho', Pepe Carreiro, o Colexio de Arquitectos de Galicia e a revista 'BD Banda'.




*Estatuíña de Manolo Figueiras para a edición deste ano do Premio Ourense.*



*Viñeta de Kiko da Silva nunha páxina de 'Fiz nos Biosbardos', serie en que Cano Paz é un dos personaxes*

# MISTERIOS SEN RESOLVER





# Cartel das Xornadas: Alberto Vázquez

## QUEN É O AUTOR?

**Alberto Vázquez** (A Coruña, 1980) estudou Belas Artes entre Pontevedra e Valencia e posteriormente afincouse en Barcelona. Foi un dos membros fundadores do colectivo Polaquia, selo onde participou no álbum colectivo *Mmmh!!* (2001) e editou *Alter ego* (2002). As súas obras máis recentes son *Freda* (De Ponent, 2003), con colaboración de **Kike Benlloch** no guión, e *Psiconautas* (Astiberri, 2006), que compila as súas novas historias aparecidas no interesantísimo *Fanzine Enfermo*, revista da cal é un dos seus promotores máis activos. Gañou unha morea de premios pola súa obra, entre os que destacan os do Injuve e varios nos certames da Dirección Xeral de Xuventude, e ten participado en diversas exposicións, a última delas a que se lle dedica nesta edición das **Xornadas**.



Capas do novo fanzine de Alberto Vázquez, 'Esquizoide'.

## O QUE DI ALBERTO VÁZQUEZ

(extractos dunha entrevista feita por Elena Cabrera)

«Non me soe gustar o que pode encadrarse dentro dun xénero definido. Prefiro bandas deseñadas como *Agujero negro* (*Black Hole*) de **Charles Burns**, *Frank* de **Jim Woodring**, *Car-boy* de **Max Andersson** e en xeral toda a obra de **Blanquet**.»

«Comecei a debuxar bastante tarde. O meu interese pola banda deseñada espertou en Belas Artes grazas a contactar alí con bastante xente que a debuxaba.»

«Interésame a fantasía para poder falar de cousas reais. Creo que ás veces se pode explicar mellor a realidade mediante metáforas.»

«Se existise como xénero, o meu favorito sería a ironía en calquera das súas expresións.»

«A xente que me coñece desde hai certo tempo dime que *Psiconautas* é un cómic que relacionan coa miña forma de ser... Creo que case todo ten un referente real, moitos dos personaxes son adaptacións de situacións vividas.»

## O QUE OS DE MAIS DIN DE ALBERTO VÁZQUEZ

### Sobre 'Alter ego'

«A pesar de estar contaminada por algúns *tics* adolescentes, anuncia por unha banda a súa capacidade para reproducir a realidade a través de fórmulas imaxinarias, e por outra a súa particular tendencia a crear universos fráxiles.»

Pepe Gálvez, *Nuevas Miradas. Sobre el cómic español más joven* (Semana Negra, 2005)

### Sobre 'Freda'

«*Freda* vén de ser seleccionada pola alemá Biblioteca Internacional do Libro Xuvenil como unha das mellores obras editadas este ano en todo o mundo para o público adolescente.»

*A Nosa Terra* n.º 1.125

«Nesta historia enfróntase ao reto de narrar graficamente, a través dunha historia de amor perdido, o fenómeno da emigración española ao norte de Europa —Alemaña— e o mais o regreso. [...] **Vázquez** realiza un exercicio de estilo narrativo, en que ten unha grande importancia a capacidade explicativa da ilustración para suxerir tanto dinámicas sociais como estados de ánimo internos.»

Pepe Gálvez, *Nuevas Miradas. Sobre el cómic español más joven* (Semana Negra, 2005)

«*Freda* é un álbum intenso, que desde o primeiro momento produce sensacións, unha historia que trata do amor pero tamén do desarraigo, e sobre todo, trata da dor da perda. [...] O evocador debuxo corre a cargo de **Alberto Vázquez**, unha xove promesa a que auguramos un futuro brillante.»

Ricardo Mena, *Dolmen* n.º 82

### Sobre 'Psiconautas'

«*Psiconautas* é o máis parecido que pode encontrarse hoxe a un libro de 'antiautoaxuda'. [...] A súa estética podería achegarse á de **Edward Gorey**, con toda a súa carga arrepiante pero desprovisto da súa ledicia. [...] **Alberto Vázquez** creou o anticonto para recrearse no abatemento produto da inadaptación. Non dá tanto medo como **Carroll** ou como os xenuínos **Grimm**, mais inquieta.»

Manuel Barrero,  
*Tebeosfera*  
(www.tebeosfera.com)



«Unha historia sobre as barreiras que encontran os que se saen do discurso da normalidade. Tenrura e crueldade a partes iguais, como **Tim Burton** con luvas de boxeo.»

Andrés Braun, *EP3 (El País)*

«Primeira obra en solitario do debuxante galego **Alberto Vázquez**, curtido nas páxinas do sen par *Fanzine Enfermo*. *Psiconautas* está protagonizado por **Dinky** e **Birdboy**, a ratiña e o neno paxaro, que procuran a luz na fin do túnel na súa estrambótica existencia. Unha obra suxestiva, que confirma o talento dun novo autor con moitas cousas que dicir no futuro da nosa banda deseñada, co seu peculiar estilo, pérfido e tenro ao mesmo tempo, cun grafismo aparentemente inocente que destila poesía por intres macabra.»

Borja Crespo, *Infraser* ([www.infraser.com/weblog](http://www.infraser.com/weblog))

«Unha pequena xoia. Un libro editado por Astiberri con cariño (esas esquinas redondeadas, esa textura das capas...). Un agasallo seguro, que debería estar no andel especial en que gardamos cousas de **Gorey** e de **Addams** e de **Gahan Wilson** e de **Olivares** e de **Jali** e de **Tim Burton** e de **Ulf K** e de **Boris Vian...** e mesmo de **Schulz** e **Watterson** [...]. Mais non fagan caso dos nomes e das referencias: o traballo de **Alberto Vázquez** é persoal, inconfundíbel.»

Francisco Naranjo, *Flora y Fauna* ([www.florayfauna.blogspot.com](http://www.florayfauna.blogspot.com))

«Usando sempre unha caracterización antropomórfica dos personaxes, **Alberto** desenvolve unha triste historia de ilusións imposíbeis, que explora a decepción e a desilusión da xuventude ante unha sociedade que non responde axeitadamente ás súas demandas. A liña argumental e o desenvolvemento desta obra lembráronme moito ao afortunado debut de **Craig Thompson**, *Adiós, Chunky Rice*, coa diferenza da elegante e minimalista narrativa de **Vázquez**. Aínda que poden existir conexións, en *Psiconautas* o debuxo redúcese dentro da páxina aos elementos xustos para provocar no lector a resposta desexada. Unha tarefa complexa, que podería caer con excesiva facilidade nunha síntese excesiva, mais que **Vázquez** manexa con solidez e precisión para acadar unha emotiva obra.»

Álvaro Pons, *La Cárcel de Papel* ([www.lacarceldepapel.com](http://www.lacarceldepapel.com))

#### Ligazóns:

[www.albertovazquez.net](http://www.albertovazquez.net)

Web persoal de Alberto Vázquez



Viñetas dunha BD de Birdboy, para 'Fanzine Enfermo' n.º 3.



“二六二六”

